

FAUVISMO

OBRA: A ALEGRÍA DE VIVIR

AUTOR: Enri **MATISSE** (1869-1954)

CRONOLOXÍA: 1905-06

ESTILO: Fauvismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 176 cm x 240 cm

LOCALIZACIÓN: Barnes Foundation, Filadelfia



ARTISTA E CONTEXTO ARTÍSTICO

O Fauvismo foi a primeira vangarda pictórica do S.XX. Xurdíu en París cara a 1905. O Fauvismo caracterizouse por pintar o que se sentía, non o que se vía. Os artistas lograron grazas á autonomía da cor sobre a forma. Ademais, a cor, de tons intensos e puros pero de gran harmonía cromática, dependerá do sentimento do artista e non da realidade. A crítica chamounos “fauves” (bestas) debido ás obras que presentaron un grupo de pintores, como Matisse, Derain, Vlaminck ou Braque no Salón de Outono de 1905, nas que predominaba un colorido estridente, a distorsión das formas, a supresión dos detalles e un sentido expressionista na captación de emocións.

Henri Matisse (1869-1954) procede dunha familia de comerciantes e comeza a pintar cara a 1890, abandoando os seus estudos de xurisprudencia. Inscríbese na Academia de Belas Artes de París e visita frecuentemente o Museo do Louvre, copiando moitos dos seus cadros. Matisse pronto criticou a estrita imitación da realidade, apostando pola esencia e non pola aparencia de realidade fotográfica. Matisse abandoou pronto o naturalismo influido polas obras de Van Gogh, Gauguin e Cézanne, centrándose na cor, que pasou a ser o protagonista dos seus cadros. Emprega a cor ao ditado das súas sensacións, non segundo a realidade. Para el a cor é o que lle dá entidade á pintura. A cor pode desenvolver o papel de debuxo, de perspectiva e de sombra de volume. Observa que a vida é cor e plásmo na súa pintura. A supresión de sombras e a súa substitución por cores puras fai que a pintura brille máis que nunca. Matisse debuxa coa cor e a distribúe no espazo de xeito que este quede suxerido sen que se produzan as deformacións da perspectiva. Traballa a base de amplas áreas de cor amosándose así como herdeiro de Gauguin. A pintura faise presente a través do grupo e do empaste, sentindo o espectador a pintura como materia. A mancha plana de cor provoca en nós un valor plástico e figurativo. Matisse é un artista que constrúe sobre a cor. Na súa pintura, Matisse seguiu dous principios esenciais ao longo da súa carreira: o cadro tiña que ter a súa propia autonomía (ser independente da realidade), e a cor debía aplicarse e combinarse seguindo criterios decorativos e emocionais. Tras unha viaxe a África e Tahití, Matisse comezou a empregar cores expresivas, de tintas uniformes e formas planas. Ademais, introduxo arabescos, en composicións de total harmonía pictórica. Unha das súas obras máis coñecidas é *A Danza* (1909), pero podemos situar en *A alegría de vivir* o auténtico inicio do que pasará á Historia da Arte como movemento fauvista.

COMENTARIO

En *A alegría de vivir* Matisse rompe a súa traxectoria e inicia unha nova linguaxe plástica que será recoñecida como propia do artista e tamén perfila os trazos centrais da cultura do S.XX e da modernidade, entendida en sentido amplo, a alegría e felicidade de vivir, un trazo que non por ser utópico perdeu importancia. Matisse pintará algunhas obras que adiantaban o tema desta, entre elas, *Luxo, calma e voluptuosidade* (1904) e facíao no ronsel do postimpresionismo. Aquí a linealidade dos motivos e o tratamento das cores suponen unha radical novidade. Nunha paisaxe fantástica, de marcado carácter decorativo, pero á vez

cun referente real, en Colliure bailan seis mulleres espidas, faunos, músicos e figuras amorosas, que se distribúen ata o primeiro termo da escena.

Tema: o mito da Arcadia, un país imaxinario na mitoloxía grega, habitado por pastores cuxas únicas tarefas eran tocar instrumentos, cantar, bailar e divertirse. Preséntanos unha escena na cal podemos ver a varias personaxes arquetípicas, nunha Idade de Ouro perdida e añorada, que fan diversas tarefas como tocar instrumentos musicais, danzar, namorarse ou, simplemente, non facer nada e descansar. Destacan a moza pintada de amarelo que se adorna cunha guirnalda de flores, a retorcida parella de amantes, as dúas mulleres (unha morena e outra perirroxa, unha de fronte e outra de costas) que están tumbadas no chan, o pastorciño que toca a frauta ou as personaxes que bailan enlazados ao fondo (serían reutilizados por Matisse máis tarde para obras como *A Danza*). As figuras están todas espidas e posan desenfadadamente sobre un prado rodeado de árbores frondosas, cun fondo de paisaxe mariña. Mentres que na súa obra *Luxo, calma e voluptuosidade*, de tema semellante, Matisse engadira algúns elementos contemporáneos que modernizaban a escena, neste caso pinta unha obra absolutamente clásica en canto ao tema.

A **composición** presenta un esquema bastante tradicional, cun triángulo dominante e varios planos que xeran tridimensionalidade nun espazo á vez pechado e que se proxecta cara ao fondo, cambiando de tamaño as figuras a medida que se alonxan cara ao fondo, pero sen unha auténtica ou correcta perspectiva ao uso. O centro da composición está dominado polo grupo dos danzantes, que se atopan no plano posterior, rachando deste xeito a tradicional composición centralizada. As dúas mulleres recostadas máis adiante pechan o primeiro plano, co que Matisse obtén un efecto paradoxico de centralización e dispersión ao mesmo tempo.

O **debuxo**, lineal e sintético, presenta os típicos arabescos sensuais da obra do artista. As **cores**, como corresponde ao Fauvismo, son intensas e expresivas. Matisse combinou varias tonalidades de amarelos e ocres, que contrastan cos rosados dos corpos. As árbores amosan o contraste dos verdes e dos vermellos, cores complementarias. Predominan as cores cálidas (rosa, vermello e laranxa). O foco de luz provén das dúas figuras centrais do cadro e da superficie amarela sobre a que se atopan. A pesar de que o colorido non representa obxectivamente os elementos plasmados nesta obra, o conxunto está harmonicamente concibido nunha unidade, cuxa característica máis destacada é a expresividade das figuras e das cores. Un colorido intenso, harmónico, moi sensual, case tan erótico como as propias personaxes pintadas. A finalidade das figuras nas que predomina o dinamismo da curva, prolóngase e entrelaza na linealidade non menos rítmica e dinámica da paisaxe, de árbores e arbustos, carreiros, praderías e nubes. O movemento da danza transmítese a todos os motivos, domina na pintura e introduce unha intensa sensación de unidade entre a natureza e os seres humanos, que están todos felices, o que se traduce plasticamente nas árbores sinuosas que se unen na parte superior para enmarcar a escena, e os arabescos que forman os corpos curvilíneos das figuras.

A **violencia cromática** de rosas, verdes, vermellos, azuis, morados e amarelos, configuran unha imaxe na que se percibe o “estalido da vida” como estalido na distribución fragmentaria das personaxes que non respectan un punto de vista unitario, nin tampouco as pautas marcadas pola perspectiva.

En *A alegría de vivir*, Matisse pinta unha escena onde integra figuras espidas coa contorna paisaxística, por medio dunha ordenación maxistral de liñas sinuosas e ondulantes. Esta audaz obra é unha verdadeira escena pastoral que nos remite ao espírito da Arcadia, a unha nostálgica Idade de Ouro. É fiel aos temas idílicos arcádicos que predominaron desde o Renacemento con Giorgione, pero sobre todo nos enlaza con obras de Poussin e de Ingres. A súa mirada, como a dos seus contemporáneos, voltouse cara a certos aspectos da tradición e ás culturas primitivas e exóticas a través das cales podía expresar a harmónica beleza dun mundo acougado, sereo e sensual.

Ademais, o motivo da obra vencéllao directamente con Paul Cézanne, que na última etapa da súa traxectoria pictórica, entre 1890-1894, abordou en diversas ocasións o tema das bañistas. Neste caso, as posturas que adquieren os corpos desbordan unha gran sensualidade. Os ritmos curvilíneos, a simplificación

da liña, a importancia da cor e a supresión dos detalles que aparecen nesta obra son trazos preeminentes da produción artística de Matisse.

Como *fauve*, a cor é o protagonista da obra. O punto de partida estaba nas cores dos pintores simbolistas, sobre todo de Gustave Moreau, pero utilizou a intensidade da cor dos impresionistas e postimpresionistas para conseguir unha maior riqueza cromática e lumínica. Estes elementos utilizounos con fins simbólicos para así fuxir da realidade e poder transmitir sensacións.

O entusiasmo do artista pola pintura e o debuxo de espidos parece adquirir o seu primeiro impulso importante nos estudos para a presente obra. Así, moitos dos tipos aparecidos aquí desenvolveraos posteriormente noutras pinturas e esculturas. É o caso de *Espido azul* (1907), que provén da figura central dereita de *A alegría de vivir*.

A obra foi adquirida por Gertrude e Leo Stein, polo que é posible que influise na realización das *Señoritas de Avignon*, pois seguro que Picasso coñeceuna, xa no Salón dos Independentes, onde se expuxo en 1906, ou na residencia dos irmáns Stein.